



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CPI Plurilingüe dos Dices

Os Dices, s/n

15911 Rois (A Coruña)

Tel.: 981/804.270 Fax: 981/800.064

e-correo: cpi.dos.dices@edu.xunta.es

Tras un período no que a vixilancia do comedor escolar foi realizada por persoas pertencentes ao sector de pais e nais no cal houbo diversas queixas de alumnos e familias polo que consideraban deficiente desempeño desa función, producíronse numerosas solicitudes de que o profesorado se voltase facer cargo do comedor. Estas solicitudes proviñan de membros do alumnado, das familias, mesmo da ANPA e do Consello Escolar. A raíz disto un grupo de profesores-as acordaron que polo ben do alumnado e do funcionamento do centro se volverían responsabilizar dese traballo, aínda que isto implique alongar a súa xornada laboral de forma totalmente voluntaria.

Pois ben, dadas as circunstancias que se veñen producindo en torno ao servizo de comedor escolar dende o inicio de curso, o profesorado que voluntariamente decidiu asumir esas funcións acorda renunciar a realizar esas labores de vixilancia do comedor.

Ábrese, polo tanto, un período de selección de persoas que desexen facer a vixilancia no comedor escolar do CPPI dos Dices. Todas as persoas interesadas tan só teñen que cubrir o modelo de solicitude que teñen dende hoxe á súa disposición das dependencias de Administración do centro.

Para facilitar esta transición e polo ben do alumnado, o profesorado está disposto a continuar facendo ese traballo mentres non se cubran as prazas necesarias, como máximo ata a fin deste trimestre.

Agardamos a colaboración de calquera persoa pertencente á comunidade educativa do CPPI dos Dices.

Rois, 28 de Novembro de 2014

O Director

Rodrigo Costoya Santos